



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO/OPOSICIÓN, DUN/HA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILASANTAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Obxecto da Convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal por contrato de servizo determinado, mediante concurso/oposición, dun/ha socorrista para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada para a obtención de subvención da Excm. Deputación Provincial da Coruña no marco da campaña de Socorrismo, anualidade 2018.

Esta contratación será de 40 horas semanais e terá un período de duración de 3 meses, a modalidade contractual será dun contrato de servizo de duración determinada, a retribución mensual con paga extra xa prorrateada será de 1.113,59 euros brutos mensuais (quedando incluída a parte proporcional de paga extra na retribución sinalada).

Cráterios para a selección de candidatos.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 e no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, os seguintes:

A) Requisito de titulación:

1. Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, do 20 de maio.
2. Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real Decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ou
3. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalación acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridos pro experiencia laboral.

Presentación de solicitudes. No rexistro xeral do Concello de Vilasantar nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de editos do concello. **Ata o día 13 de Xuño de 2018 ás 14.30 horas.**

O alcalde.

Fernando Pérez Fernández.

